

THE PHANTOM OF THE PARADISE

1409

Brian De Palma, 1974

ESTREA EN NUMAX: 23.11.2024 | V.O.S.E. | 92 min

Paul Williams escribiu a partitura deste clásico do cinema musical de terror, no cal participa interpretando o papel do malvado magnate da música perseguido por un compositor desfigurado ao que mete en prisión para lle roubar as súas composicións. Unha vez en liberdade, a pantasma namora da nova estrela da canción promocionada polo magnate, comezando así a súa particular vinganza.

“The Phantom of the Paradise” cumpre neste 2024 o seu 50 aniversario.

«Detrás dos xiros disparatados da súa trama hai unha alegoría detallada do tema faustiano relacionado coa arte e o comercio»

Ignatiy Vishnevetsky, AV CLUB



THE PHANTOM OF THE PARADISE

Brian de Palma, 1974

EUROPEAN
CINEMA
Creative Europe MEDIA

Un dos mellores filmes musicais xamais filmados

Por Juan-Fabían Delgado

Cineasta da máis nova xeración de realizadores norteamericanos dos anos setenta, Brian de Palma apareceu timidamente en España coa cinta *Irmás* (1973), cando ninguén o coñecía a pesar de ter outras seis longametraxes anteriores, non estreadas no noso país.

Pero o impacto maior deste director foi *The Phantom of the Paradise* (1974), fita que o lanzou –entón dentro duns círculos moi especializados e minoritarios— como un autor anovador e profundamente orixinal. Nela, máis que crear, De Palma realza unha serie de mitos e temas que xa lle eran evidentemente queridos.

Así, *The Phantom of the Paradise* parte da idea de facer outra versión d'A *pantasma da Ópera*, pero non nunha versión máis, senón ambientada nese mundo delirante e comercializado da música pop. Por iso no canto da ópera será un teatro de festivais modernos, o Paraíso, o protagonista da súa aventura.

Brillante e lúcida na súa análise, De Palma cóntanos a historia dun compositor ao que lle rouban a súa obra, e róballa un mánager astuto, ambiguo e emprendedor, no que ademais refundirá o mito de Fausto ao presentalo como un personaxe eterno, inmune ao tempo. Ademais, todo o armazón argumental servirá ao autor para facer unha crítica irónica e cínica do mundo da música rock.

Cinéfilo empedernido, non só a música –cunha espléndida banda sonora de corte pop– encherá o filme, senón tamén as alusións á sétima arte, desde as referencias ás propias versións anteriores da obra de Gaston Leroux, ata as homenaxes críticas a Alfred Hitchcock, un dos mestres máis admirados por Brian de Palma, en especial a parodia moi celebrada da escena da ducha de *Psicose* (1960).

A través dos seus personaxes, como o compositor Winslow, como o mánager fáustico Swan, como a doce Phoenix, o filme vai conectando cun mundo fascinante, dun delirio intelectualizado e controlado, un microcosmos brillante e atractivo que remata por revelarnos a Brian de Palma como autor de auténtica altura, creador deste fermoso filme elaborado e construído ao detalle, pero tamén con garra e forza.

Publicado en criticalia.com